



# JOSÉ VIDAL BENEYTO

## EUROPA, HORA CERO

Un dos máis lúcidos pensadores europeos, José Vidal Beneyto, participou en Compostela no curso sobre Información e Relacións Internacionais que, organizado polas facultades de Ciencias da Comunicación e Ciencias Políticas, e mais polo IGADI, e contando co patrocinio das fundacións Caixa Galicia e Galicia-Europa, centrou as súas ponencias e debates no futuro de Europa. Falou dos camiños da política e da comunicación. Alertou sobre a concentración de poderes nun e noutro ámbito. Marcou tamén zonas de tránsito para o reencontro cos valores da tolerancia e da diversidade, os verdadeiros milladoiros para asentar a unión política deste vello e novo continente. Aproveitamos para conversar con el para TEMPOS.

**TEXTO**  
Xulio Ríos  
Luís A. Pousa

**FOTOS**  
Ivám Cozinha

— T.N. Vostede fala de que o proceso de construción europea está agora nun punto certo ¿Como se chegou a esta situación?  
— ¿Ten Europa algo que facer e dicir agora? A verdade é que o último intento serio desa construción europea iniciada en 1949 está agora no seu punto cero. A actitude de Reino Unido foi sempre moi reticente. E é que ademais é inevitable. A nosa forma de organización política en Europa é a dos estados nación, que funciona mal pero é a única que temos, cunhas tradicións cunha capacidade de determinación moi importante. En toda a historia da construción europea, Reino Unido nunca quixo incorporarse á hipótese da Europa política. Atopámonos cunha enorme contradic-

ción. O primeiro que enarbora o estandarte da Europa política é Churchill en maio de 1946, na universidade de Zürich, cando xa non está no poder. Alí fala por primeira vez dos Estados Unidos de Europa. Vemos como, desde o primeiro momento, Inglaterra se opón a unha organización europea de contido político, liña que tamén seguiron países moi anglosaxonizados, como Holanda. Os Países Baixos téñenlle unha gran lealdade ó Reino Unido na súa aliañación con Estados Unidos, e tamén Dinamarca. Son países que desde 1947 están na mesma liña e que non variaron. Por outra banda, tamén hai que ter en conta que hai dúas determinacións na construción europea, a das grandes áreas culturais, por un lado, e a ideolóxica dos partidos, por outro. Os partidos do sur e do centro de Europa democratas-cristiáns son máis europeístas, os socialistas están nunha posición

intermedia, e os liberais e a extremaesquerda están en contra.

— T.N. Pero tamén hai que recoñecer que, a pesar das dificultades, o proceso de institucionalización europeo foi avanzando positivamente ata este momento de crise.

— Si, a pesar de todas as dificultades, Europa comeza a ser unha realidade moi importante co mercado común, o peso que ten a determinación económica impoñe ós demais. Avanza positivamente o proceso de insitucionalización europeo, rematamos o mercado común con seis anos de anticipación e demos outro salto cualitativo, a moeda común. Queda entón o proxecto da Europa política, un proxecto moi complicado, porque hai dous países que son antagonistas per se, Alemaña e Francia, pero que, sen embargo, por afinidades dos seus líderes, acaban superando completamente este antagonismo histórico.

— T.N. ¿Como pode influír a guerra en todo o proceso europeo? Os países do leste aliñanse coas teses americanas. ¿Alemaña e Francia financiarán uns fondos de cohesión que beneficien a uns países que politicamente se posicionan "en contra" de Europa?

— Esa é a consecuencia máis popularmente alcanzable, o decidir non financiar ós que non están de acordo co proceso europeo. Pero, máis alá deso, hai unha serie de factores a ter en conta á hora de comprender o posicionamento dos países do leste. Un deles é a defensa. Europa nin ten exército nin política de defensa. Estes países estiveron durante 40 anos baixo o poder soviético e sufriron o que eu chamo o "emparedamento" entre Alemaña e Rusia. Este é un factor, pero non creo que sexa o fundamental. Para min, o factor máis importante é o feito de que, para os países do leste, Europa é moito máis occidente que Europa. Moitos, os

# Unha vida de compromiso

José Vidal Beneyto está considerado en Europa como unha das testemuñas máis preclaras do século XX europeo. Participou activamente nas plataformas contra o réxime franquista,

e posteriormente comprometeu o seu prestixio e o seu saber coa democracia en postos de responsabilidade, tanto en cualidade de asesor e conselleiro dos ministerios de Educación e Asuntos Exteriores, como ocupando cargos de xestión en organismos públicos: director xeral de Educación, Ciencia e Cultura do Consello de Europa, membro do Consello de Gobernadores da Fundación Europea da Cultura - Amsterdam, conselleiro principal do director xeral da UNESCO, entre outros. É catedrático da

Universidade Complutense, e dirixe na actualidade de Altos Estudos Europeos en París. Ocupa a Secretaría Xeral da Axencia Europea para a Cultura, e preside a Asociación de Amigos de Le Monde Diplomatique. Colabora en *El País*, *Le Monde Diplomatique* e *Europa Zeitung*. É, así mesmo, membro do comité editorial ou científico de diversas revistas. É autor de nu-

merosas publicacións. As dúas últimas: *La Méditerranée: modernité plurielle*, e *La Ventana Global*, obra esta última na que coordina a unha serie de estudos da comunicación.

español por exemplo, séntense occidentais, pero occidentais en canto que europeos. Os checos séntense europeos en canto occidentais, de aquí que o eurooccidental sexa o condicionante fundamental. Non é só unha cuestión de defensa, senón de conviccións profundas. Hai outro determinante tamén moi forte. Nuns países que durante 40 anos estiveron sen economía de mercado, os valores da economía de mercado recibense sen limitación ningunha. A desregulación, a privatización, a financialización, todos estes riscos da economía americana, son para eles hoxe moito máis aceptables que o modelo social europeo.

— T.N. Quizabes este último factor sexa o máis preocupante...

— Si, a guerra pasará pero o problemático será que estes países non entren no modelo de sociedade europeo, un modelo que está xa moi augado desde a época de Margaret Thatcher, co consentimento, en definitiva, de Delors. Nestes doce anos, reducíronse moitas dimensións do modelo europeo de sociedade, nunha deriva cara á sociedade do modelo global capitalista ó que a mundialización empuxa. Sería preocupante que agora tiveramos un núcleo maioritario en Europa precisamente nese posicionamento. Eu chegara ó convencemento de que, para rematar a construción europea, tiñamos que pasar da decisión por unanimidade á decisión por maioría pero agora, se seguimos esa liña, acabárase Europa. O posicionamento dos países anglosaxóns é compartido cos de nova incorporación, que agora son nove pero que rematarán sendo máis de 20. ¿Que quero dicir con hora cero? Que hai que volver comezar como se realmente fomos os seis. Cunha particularidade, que os seis xa non somos os seis, porque Holanda xa se quitou a careta.

— T.N. ¿Hai que inventar outro núcleo duro?

— Exactamente. Pero por outra parte dádevos conta de que só Europa o pode facer. Entón, ¿cal é en definitiva a vía? A vía é reivindicar a capacidade agregadora de conxuntos e a capacidade difusora de modelos de Europa, ter en conta outros modelos que existen, por exemplo, Mercosur. Que dúbida cabe de que se queremos evitar de que o ALCA se coma a América latina con Bush á fronte necesitamos imperativamente que Mercosur funcione. Refírome á multipolarización de conxuntos que funcionen, que sexan neste momento substancialmente económicos pero cunha vocación política declarada...

— T.N. ¿Nese conxunto incluírías a Rusia e a China tamén como "aliados"?

— Si. O que pasa é que eu non creo que haxa que ir a un pacto... Se imos a unha alianza directa entre Europa, Rusia, e China provocamos unha antagonización inevitable con Estados Unidos. Eu creo que que temos que avanzar realmente cara a unha legalidade internacional que teña por debaixo como actores directos estes grandes colectivos. O día que exista Mercosur, se lle vai agregar unha gran parte, Venezuela, Perú..., e se vai cocer algo importante. Tamén está a ASEAN, se logramos que xere un conxunto, un área asiático occidental. Falariamos dunha serie de áreas impulsadas indirectamente e estimuladas por Europa. Pero para eso Europa ten que ter unha vocación política. Temos a historia de todos os intentos de construír áreas económicas agregadas que non duraron. Se queremos que o que xa temos siga adiante temos que engadirlle a vocación política. Eu son federalista, son incluso presidente de honor da Unión Europea de Federalistas, pero

creo que o federalismo tradicional xa non funciona. Hoxe hai que ir cara outra cousa, a unión federal de estados, que é unha monstruosidade xurídico-institucional, pero non temos nada mellor que utilizar. Europa ten que ser unha unión federal de estados-nación unidos.

— T.N. Para que todo ese proceso se poida desenvolver é fundamental superar o momento político actual desde o discurso "ou con nós ou contra nós". Neste clima internacional é imposible.

— Eso é evidente, pero é que hai que saír necesariamente dese imperialismo. O que Bush escribiu e logo publicou en setembro de 2002 nunca se dixerá anteriormente: que no mundo non pode haber máis que unha potencia política mundial que é Estados Unidos. Hai que acabar con eso dunha vez. Tiven un debate en Francia recentemente cun liberal partidario da alianza con Estados Unidos. E eu díxalle que, para aliarse, ten que haber dous que se queiran aliar, Estados Unidos non nos acepta. Acéptanos como acepta a Aznar, como vasalos ós que lles pos a mán no ombro para protexelos.

— T.N. ¿Esta volta a empezar da que vos tede fala foi inducida ou provocada por Estados Unidos? ¿En que medida foi así?

— Totalmente. Estados Unidos estivo sistematicamente contra a idea dunha Europa politicamente autónoma.

— T.N. ¿Cre que detrás do conflito con Iraq hai algún intento de prexudicar o euro?

— Iso é máis ben un efecto colateral.

— T.N. ¿Que opina do formulación que fala da loita entre capitalismo que se desenvolve en Iraq?

— A económica é unha rivalidade que, en definitiva, moitos membros do poder americano están dispostos a aceptar. Non lles molesta a competen-



cia, o que non queren, e eso mesmo o puxo por escrito Bush, é que haxa unha alternativa de poder político e militar autónoma. Dicía Bush que a única potencia político militar no mundo é USA, que non podía haber outra porque, ademais, se se aceptase outra, volveríase ó dilapido ridículo da carreira de armamentos. Admiten a competencia para o ámbito económico e financeiro. Fóra deses ámbitos, non.

— T.N. ¿Podemos falar dun capitalismo americano e dun capitalismo europeo que están enfrontados ou realmente ou máis ben dunhas liñas transversais dos mundos armamentístico e enerxético, que ten prolongacións en América, en Estados Unidos, pero tamén en Europa?

— Agora do que hai que falar é dun modelo de capitalismo ou de sociedade capitalista europeo e outro americano. Non cabe ningunha dúbida, nós temos un distinto modelo de sociedade, pero de capitalismo, como forma de relación directamente económica non.

— T.N. A situación actual que estamos vivindo e esta maneira de provocar unha

división interna dentro de Europa, que seguramente concorda cos plans de Bush, ¿como vai interromper o proceso europeo? ¿que tipo de alternativas se poden dar?

— Vexo dúas hipóteses de traballo que creo que poden ser efectivas. A primeira delas é de carácter político, a dun eixo europeo que ten que ser inevitablemente minoritario, ó principio, desde o punto de vista do número de estados nación, pero non desde o punto de vista nin da poboación nin do PIB. Dicimos que en Europa van mandar os pequenos.. Mandarán se seguimos aceptando o principio de que Luxemburgo teña o mesmo voto que Alemaña pero se temos en conta outros parámetros, as cousas varían. En calquera caso, respectemos o status quo das determinacións actuais. Hai polo menos sete ou oito países que poden entrar nesta primeira hipótese. Hai que recomezar desde cero. Non temos máis remedio que volver á unanimidade, por eso falo do punto cero. Logo hai outra liña que non temos xogado, pero que temos que ter cada

“Eu son federalista, son incluso presidente de honor da Unión Europea de Federalistas, pero creo que o federalismo tradicional xa non funciona. Hoxe hai que ir cara outra cousa, a unión federal de estados, que é unha monstruosidade xurídico-institucional, pero non temos nada mellor que utilizar. Europa ten que ser unha unión federal de estados-na-ción unidos”

vez máis en conta, a asociación mundial, a opinión pública mundial e os movementos de sociedades civís susceptibles de converxer, que agora vimos que son moi capaces de mobilizarse. Insisto nese dobre soporte. Por unha banda estaría o soporte político do que, para chamalo dunha fórmula sintética, eu chamo áreas integradas, é dicir, lograr que se cren no mundo seis, sete, oito áreas integradas para facer logo unha concertación das mesmas. Por outra, o poder social que veña da sociedade civil e global.

— T.N. ¿Cal pensa que é agora a posición de España en Europa?

— España tiña hai un ano unha posición privilexiada dentro de Europa, un plus de prestixio e de capacidade de determinación en Europa debido a moitas razóns. Coa aliñación con Estados Unidos, perdémolo completamente. Isto é un malgasto gravísimo, porque España, para facer algo, ten que apoiarse na plataforma europea. Eu creo que esto o imos recuperar, e que os españois seguen sendo maioritariamente europeos. Abandonada a hipótese do terceiromundista no que nalgún momento estivo unha parte da esquerda española, España non ten máis que unha hipótese, que é a europea, incluso desde a perspectiva occidental. ¿Por que? Porque España ten toda a América Latina, e España ademais tiña tamén unha gran aceptabilidade no mediterráneo sur, que hoxe non ten, desgraciadamente. Podemos

EDICIONS  
**Lea**

**Julio Camba:**  
unha lección  
de xornalismo



Lea

**JULIO CAMBA: UNHA LECCIÓN DE XORNALISMO**


Fermín Galindo Arranz

O autor analiza nesta obra o valor xornalístico de Julio Camba a través da lectura dos seus artigos, reflectindo a súa faceta como ser humano e como columnista irónico e brillante.

**Historia e Costume do Dereito Civil Galego  
A CONSERVACIÓN DA CASA E  
A UNIDADE DA FAMILIA**

Rosa Fernández-Montenegro Iglesias

Primeira entrega dunha colección que pretende achegámo-la nosa historia e a súa relación co Dereito Civil Galego. Visión amena e divulgativa acerca da propiedade da terra e da súa relación coa familia.



xogar a hipótese de apoiar ó máximo o eixo franco-alemán e ós outro sete e oito países que poden estar con eles xa desde o primeiro momento, incluída Grecia, que indubidablemente estaba con eles. Penso que Suecia, polo seu neutralismo, non se vai decantar nin cara a un lado nin cara ó outro. Creo que moi pronto, en canto haxa eleccións en Italia, Berlusconi será defenestrado e tamén Italia estará nesa liña.

— T.N. A eclosión da sociedade civil da que falabas antes ten un provocador, a declaración de guerra, con esa fórmula da guerra preventiva. ¿Ata que punto esta eclosión cívica permanecerá unha vez que remate a guerra?

— É este un argumento consistente, a aparición da altermundialización tivo moito éxito desde o aspecto da crítica e moi pouco desde a proposición, de aquí que a gran dificultade da altermundialización sexa encontrar núcleos, temas, con capacidade de conxunción da inmensa diversidade do altermundismo. A loita contra a guerra ten precisamente ese poder de conxunción. Mais, cando acabemos a guerra —afortunadamente algún día se acabará, e canto antes mellor—, ¿cal vai ser ese impulso común? Eu creo que podemos atopar un elemento impulsor na legalidade internacional. Temos que crear un mundo de regulamentos, e temos que crear unhas estruturas capaces, en primeiro lugar, de definir as regulamentos e, en segundo lugar, de aplicarlas. En definitiva, trátase do tema da gobernación mundial. A gobernación mundial é un tema que nós, como actores da sociedade civil, podemos facer moito mellor que os estados. Para os estados, unha gobernación mundial dalgunha maneira supón ou un suicidio ou unha diminución importante de



“España tiña hai un ano unha posición privilexiada dentro de Europa, un plus de prestixio e de capacidade de determinación en Europa. Coa aliañación con EEUU, perdémolo completamente. Isto é un malgasto gravísimo, porque España, para facer algo, ten que apoiarse na plataforma europea. Eu creo que isto o imos recuperar, e que os españois seguen sendo maioritariamente europeos “

poder. Fai falta un actor exterior, que podemos ser nós, que sexa o que realmente poña o proceso en marcha e logo o siga paso a paso ata a súa culminación.

— T.N. ¿Como crear unha opinión pública favorable? ¿Como podemos formular a consolidación desa opinión pública tendo en conta os movementos dos medios de comunicación e dos grupos empresariais que hai detrás?

— Ese é un problema moi complexo, quizabes o máis difícil de todos: cómo crear unha opinión pública mundial sen ter medios de comunicación mundiais. Non temos medios de comunicación mundiais por dúas razóns. A primeira delas, que me parece fundamental pero non a máis importante, é a de carácter lingüístico. Fóra do basic english non temos ningún sistema para facernos comprender por todo o mundo. Ademais, sabemos que non cabe pensar nun periódico mundial, pero é que tampouco queremos un

periódico mundial, porque o noso proxecto ten unha gran dificultade engadida, que é a dificultade tamén de Europa: queremos un ámbito común pero diversificado. Non queremos que haxa homoxeneización, de aí vén a gran dificultade de suscitar a opinión pública mundial. A opinión pública mundial non pode existir máis que arredor dalgúns temas. Polo tanto, hai que formular unha estratexia moi ben diferenciada na que vexamos cal é a axenda temática e como podemos definir tomas de posición sobre cada un dos elementos da axenda temática, sobre cada un dos grandes temas, e como podemos facer que circulen.

— T.N. ¿E que pode dicir de cara a crear unha opinión pública europea en favor desa dinámica nova de reencontro con Europa, e coa idea e coa posibilidade de que exista realmente esa forza en Europa no que é o proxecto político?

— Paréceme máis fácil chegar á creación de grandes colectivos europeos, por ámbitos profesionais, por ámbitos temáticos, con converxencias importantes en canto ós principios que presidan e as liñas que orienten os comportamentos individuais. Eso paréceme máis fácil e practicable, de feito xa comeza a existir. Puxémonos de acordo en aspectos moi complexos. Por exemplo, as universidades conseguiron poñerse de acordo sobre o tipo de ensino universitaria que queren, temos a declaración de Bolonia etc. O tema é que hoxe hai tal fusión entre os grandes medios de comunicación e os grandes intereses empresariais, que temos que ver como organizarnos para conseguir crear alí onde non existe e reforzar alí onde exista o pluralismo, non xa só informativo, senón o pluralismo ideolóxico na Europa común.